



3. MÉTODOS DE SEPARACIÓN DE MESTURAS HETEROXÉNEAS

Imos coñecer os principais métodos de separación das mesturas heteroxéneas.

Decantación



Sepáranse os compoñentes porque teñen diferente densidade. Consiste en deixar en repouso a mestura para que os compoñentes máis densos se sitúen no fondo.

Imantación



Sepáranse os compoñentes porque un deles é atraído por un imán.

Cribado



Sepáranse compoñentes de diferentes tamaños. Consiste en pasar a mestura por unha criba ou peneira que retén as partículas máis grandes.

Filtración



Úsase para separar os sólidos dos líquidos. A substancia líquida da mestura pasa a través dun filtro que retén a sólida.

13. Deseña no teu caderno unha criba, detalla os materiais que necesitarías e explica o proceso que seguirías para construílo. Que usos se lle poderían dar?

14. Explica que técnica das que estudamos usarías para separar as seguintes mesturas: area e cantos rodados, vinagre e aceite, auga e barro, latas de conserva e envases de plástico.



15. Escribe os nomes de tres utensilios que poidas atopar na túa casa cos que poidas realizar unha filtración.

16. Que método utilizaban os buscadores de ouro no antigo oeste americano para separar as partículas deste mineral do resto da area e da auga?